

UNIDADE

8

A historiografía

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. LINGUA
 - 1.1. SINTAXE DO INFINITIVO
 - 1.2. SINTAXE DO PARTICIPIO
2. LITERATURA. A HISTORIOGRAFÍA
 - 2.1. DEFINICIÓN E ORIXES
 - 2.2. OS LOGÓGRAFOS
 - 2.3. OS HISTORIADORES HERÓDOTO, TUCÍDIDES E XENOFONTE
3. TEXTOS

No apartado de "Lingua" estúdase a sintaxe do infinitivo e do participio. Ambas as dúas formas nominais do verbo son de especial importancia en grego. A exposición teórica complétase con abundantes exemplos para que, a partir da comprensión destes, poidas realizar as actividades que se che propoñen. Na "Literatura", veremos a historiografía e os principais historiadores gregos. E por último, os "Textos" que vas traducir son do xénero historiográfico.

1. Lingua

1.1. Sintaxe do infinitivo

O infinitivo é en parte verbo e en parte substantivo, e, polo tanto, ten dobre función: unha como substantivo e outra como verbo. Como substantivo pode levar artigo e como verbo pode levar os complementos propios do verbo ao que pertence. Ademais, pode ir acompañado pola partícula ἄν con valor irreal ou potencial, segundo o contexto. Coa conxunción ὥστε forma unha oración consecutiva e con πρίν unha temporal. O suxeito do infinitivo vai sempre en acusativo, se non coincide co do verbo principal.

I. Infinitivo como substantivo

O infinitivo pode desempeñar calquera das funcións propias dun substantivo: suxeito, complemento dun verbo, complemento dun substantivo ou dun adxectivo. Con artigo (sempre neutro singular) precísase máis a súa función e pode ir acompañado de preposicións. Semanticamente equivale a un nome de acción verbal. Vexamos exemplos dalgunhas das funcións que pode desempeñar un infinitivo.

- **Suxeito** en nominativo e complemento do comparativo en xenitivo (segundo termo da comparación):

Τὸ πρᾶττειν τοῦ λέγειν κρεῖττον ἐστίν.

Obrar é mellor que falar (a acción é mellor que a palabra).

Suxeito en nominativo:

Πάντων μὲν γὰρ ἀποστερεῖσθαι λυπερόν ἐστι καὶ χαλεπόν.

Pois estar privado de todas as cousas é penoso e duro.

Suxeito doutro infinitivo en acusativo:

Ἐλεύθερον εἶναι ἐγὼ οἶμαι ἀντάξιον εἶναι τῶν πάντων χρημάτων.

Eu creo que o ser libre é equivalente a todos os bens.

- **Complemento de nome** en xenitivo:

Νῦν δὲ γε, ὥς ἔοικε, φαίνεται ἄλλη τις αἰτία τοῦ φιλεῖν τε καὶ φιλεῖσθαι.

Pero agora, ao parecer, preséntase outra causa de querer e de ser querido.

Σαφῶς οὖν ἐδόκει ἡμῖν αὕτη ἡ τέχνη εἶναι ἣν ἐζητοῦμεν, καὶ ἡ αἰτία τοῦ ὀρθῶς πρᾶττειν ἐν τῇ πόλει.

Polo tanto, parecíanos claro que era esa a arte que buscábamos, precisamente (καί) a causa de ser feliz na cidade.

- **Aposición** explicativa a un pronome no mesmo caso que este:

Καὶ τοῦτο γέγραπται, τὸ ὁμοίως ἀμφοῖν ἀκροάσθαι.

Tamén está escrito isto, oír a ambas as dúas partes por igual.

- **Complemento preposicional** de adxectivos en diversos casos, segundo o réxime da preposición:

..., ἵνα... καὶ εὐρυθμότεροι καὶ εὐαρμοσσότεροι γιγνόμενοι χρήσιμοι ὥσιν εἰς τὸ λέγειν τε καὶ πρᾶττειν.

..., para que... chegando a ser máis harmoniosos e máis concordes sexan idóneos para falar e obrar.

- **Complemento determinativo** de adxectivos, adverbios e substantivos, sen artigo. O infinitivo pode ser complemento de adxectivos, adverbios e substantivos que signifiquen *habildade, aptitude, capacidade* e os seus contrarios: *δεινὸς λέγειν hábil para falar, οἷος φιλεῖν capaz de amar.*

Ἔτοιμοί εἰσι μάχεσθαι.

Eles están preparados para loitar.

II. Infinitivo como verbo

- **Infinitivo imperativo.** O infinitivo (sen artigo) pode equivaler a un imperativo de segunda persoa de singular, para expresar un desexo ou unha orde:

Σὺ δὲ, Κλεαρίδα, ... τὰς πύλας ἀνοίξας ἔπεκθεῖν.

Ti, Clearidas, ... despois de abrir as portas, sae correndo.

- **Infinitivo de finalidade.** Poden levar un complemento en infinitivo para expresar a finalidade da acción os verbos que significan *dar, rexeitar, elixir*, ou os verbos que indican movemento:

Δέκα δὲ τῶν νεῶν προὔπεμψαν ἐς τὸν μέγαν λιμένα πλεῦσθαι τε καὶ κατασκέψασθαι καὶ κηρύξαι.

Enviaron por diante dez naves a navegar ata o gran porto e a descubrir e a anunciar por medio de heraldo.

- **Infinitivo absoluto.** Con verbos de *dicir*, en certas expresións idiomáticas úsase o infinitivo con valor absoluto en frases parentéticas para limitar a aplicación dunha expresión única ou dunha oración enteira. Os exemplos máis frecuentes son os seguintes:

ὥς ἔπος εἰπεῖν *por dicilo así*.

(ὥς) ἀπλῶς εἰπεῖν, ὥς συνελόντι εἰπεῖν, ὥς ἐν βραχεὶ εἰπεῖν, ὥς συντόμως εἰπεῖν
para abreviar, nunha palabra.

ὥς ἐπὶ πᾶν εἰπεῖν, τὸ σύμπαν εἰπεῖν *falando en xeral*.

σὺν θεῷ εἰπεῖν *en nome de deus*.

ὥς ἐν τύπῳ εἰπεῖν *en xeral*.

Co infinitivo εἶναι hai as seguintes expresións en infinitivo absoluto:

ἐκὼν εἶναι *con gusto, de bo grao*.

τὸ νῦν εἶναι *por agora*.

τὸ ἐπὶ ἐκεῖνον / σφᾶς εἶναι *en canto depende del / deles*.

κατὰ δύναμιν εἶναι *segundo as posibilidades*.

Con outros verbos:

Ἔμοι δοκεῖν, ὥς ἔμοι δοκεῖν, ὥς ἔμοι κρῖναι *segundo me parece, na miña opinión*.

(ὥς) εἰκάσαι *polo que pode sospeitarse, verosimilmente*.

(ὥς) συμβάλλειν *para comparar*.

(ὥς) ἀκοῦσαι *de oídas*.

ὅσον γέ μ' εἰδέναι *no que eu sei*.

ὀλίγου δεῖν, μικροῦ δεῖν *pouco falta, case*.

- **Infinitivo exclamativo.** Úsase en frases que expresan admiración, indignación, desexo:

ἐμὲ παθεῖν τάδε ἰσufferir eu isto!

- **Infinitivo en oracións completivas ou substantivas.** Verase noutra unidade.
- **Infinitivo en oracións adverbiais.** En oracións temporais con πρίν, ἐφ' ᾧ, ἐφ' ᾧτε e en oracións consecutivas con ὥστε. Verase noutra unidade.

✓ Realiza a πράξις 1

1.2 Sintaxe do participio

I. Formas do participio

O verbo grego posúe un participio por cada tema en voz activa e media (e dous específicos para a voz pasiva, un de futuro e outro de aoristo). Os paradigmas pódense ver no Apéndice gramatical.

O verbo εἶμί só ten dous participios, un de presente, N. ὢν, οὔσα, ὄν, X. ὄντος, οὔσης, ὄντος, e outro de futuro, ἐσόμενος, -η, -ον.

II. Definición e tradución

Denomínase participio a forma de verbo que permite a este expresar calidades do substantivo co que concorda e valores oracionais subordinados á acción dun verbo principal, así como ter réxime (obxecto directo ou o caso que teña como réxime o verbo correspondente). Por esta dobre posibilidade de funcionar á vez como adxectivo e como verbo chamóuselle participio, porque "participa" das categorías de nome e verbo. Tamén pode ir en construcións absolutas, é dicir, independentes, e entón chámase "participio absoluto". Neste uso o caso máis frecuente é o xenitivo, chamado "xenitivo absoluto", aínda que tamén hai outros.

Como é un adxectivo, ten flexión completa, pero como é un verbo, ten formas para cada un dos temas. Non obstante, os participios por si mesmos non poden expresar a noción de tempo; esta dedúcese do contexto, a partir do cal poden expresar un tempo absoluto (relacionado co momento en que se fala) e relativo (en relación co verbo principal).

- **Participio de presente.** O participio de presente expresa unha acción simultánea á do verbo principal e tradúcese por xerundio simple, por *ao* + infinitivo, ou por unha oración relativa, temporal ou causal con presente ou imperfecto. É o contexto o que nos dará a pauta para elixir unha tradución ou outra:

Δευκαλίων βασιλεύων τῆς Φθίας γαμεῖ Πύρραν
Deucalión cando reinaba (que reinaba) en Ftía casa con Pirra.

- **Participio de futuro.** O participio de futuro expresa desexo, vontade ou finalidade tras verbos de movemento. Tradúcese por unha oración adxectiva ou de relativo con tempo futuro ou *ir a* + infinitivo, ou con *a, para, co desexo de, coa intención de* + infinitivo:

Ὁ δ' ἀνὴρ αὐτῆς λαγῶς¹ ὥχετο θηράσων.
O seu marido fórase a (coa intención de, para) cazar lebres;

¹Ac. pl. de λαγῶς, -ῶ, *lebre*, segunda declinación ática.

- **Participio de aoristo.** O participio de aoristo expresa anterioridade á acción principal. Pode traducirse por un xerundio, por construcións como *tras* + infinitivo, ou oración relativa, temporal ou causal, co verbo en pretérito perfecto simple (indefinido) ou en pluscuamperfecto:

Κύρος μεταπεμπάμενος τοὺς στρατηγοὺς τῶν Ἑλλήνων ἔλεγε ὅτι ἡ ὁδὸς ἔσοιτο πρὸς βασιλέα μέγαν εἰς Βαβυλῶνα.

Ciro chamando (tras chamar, depois de chamar, que chamou, que chamara, etc.) aos xenerais dos gregos, díxolles que a expedición sería cara a Babilonia contra o gran rei.

Tamén pode expresar simultaneidade no pasado:

Εὖ γ' ἐποίησας ἀναμνήσας.

Fixeches ben en recordarmo (recordándomo).

- **Participio de perfecto.** O participio de perfecto expresa, como todo o tema de perfecto, estado presente resultante dunha acción pasada. Pode traducirse en xeral por un xerundio, un participio, se está en pasiva, ademais das construcións similares ás que vimos (con conxunción temporal ou causal, relativo, etc., pero seguida de pretérito composto).

Ὁ βασιλεὺς σὺν στρατεύματι πολλῷ προσέρχεται ὥς εἰς μάχην παρεσκευασμένος.

O rei achégase cun exército numeroso como preparado para a batalla.

Ἄλλ' ὥδε λέγω οὐδὲν καινόν, ἀλλ' ἅπερ αἰεὶ τε ἄλλοτε καὶ ἐν τῷ παρεληλυθότι λόγῳ οὐδὲν πέπταμαι λέγων.

Pois deste xeito nada novo digo, senón o que non deixei de dicir sempre, noutras ocasións e no razoamento pasado.

Ἀποδεῶκόσι δ' ἡμῖν τὸν πρῶτον τύπον τῆς γεωγραφίας οἰκείός ἐστιν ὁ ἐφεξῆς λόγος.

Para nós, unha vez que explicamos o primeiro contido da xeografía, é conveniente a exposición seguinte.

III. Substantivación do participio

Se leva artigo, o participio vai substantivado e tradúcese por unha oración adxectiva ou de relativo ou por un substantivo, se existe: o *que*, a *que*, o *que* cos verbos que corresponden a cada tempo: ὁ λύων o *que* desata, desataba, ὁ λυόμενος o *que* se desata, o desatado, ὁ λύσων o *que* desatará, ὁ λυσόμενος o *que* se desatará, ὁ λυθησόμενος o *que* será desatado, ὁ λύσας o *que* desatou, ὁ λυσάμενος o *que* se desatou, ὁ λυθείς o *que* foi desatado, o desatado, ὁ λελυκώς o *que* desatou, ὁ λελυμένος o *que* se desatou, o *que* foi desatado.

IV. Construcións do participio

Existen cinco tipos de participio; catro (atributivo, explicativo, apositivo e predicativo) que van concertando cun substantivo ou un pronome, que desempeñan unha función dentro da oración á que pertencen e, ao mesmo tempo, son o suxeito do participio que vai concertando con eles (**participio concertado**). Ademais, hai un **participio absoluto**, desligado da oración principal e que forma co seu suxeito unha construción equivalente a unha oración subordinada adverbial.

- **Participio atributivo e explicativo**

O participio atributivo equivale a un adxectivo atributivo, é dicir, ao que vai inmediatamente precedido do artigo. É como unha oración de relativo especificativa (ten, pois, un valor delimitativo e excluínte).

Τῷ μὲν οὖν Κωνωνι δέκα ναῦς ὁ Δημοσθένης καὶ ὁ Εὐρυμέδων τὰς ἄριστα σφίσι πλεούσας ἀφ' ὧν αὐτοὶ εἶχον συμπέμπουσι.

Demóstenes e Eurimedonte enviaron, con Conón, as dez naves que máis rápido lles navegaban (excluíndo as que non navegaban rápidas), *das que eles tiñan*.

O explicativo, en cambio, non ten valor excluínte.

Οἱ στρατιῶται καμόντες ἐκοιμηθήσαν.

Os soldados, que estaban cansos, (é dicir, todos os soldados sen exclusión) *deitáronse*.

- **Participio apositivo**

O participio apositivo forma co substantivo co que concorda unha especie de oración circunstancial, cuxo suxeito é o devandito substantivo. Pode equivaler a oracións subordinadas: modais, concesivas, de relativo, temporais, finais, causais e condicionais. Vexamos algúns exemplos de cada unha.

a) Uso modal. Serve para expresar o modo, medio ou outras circunstancias que rodean a acción verbal.

Εἰσὶ δὲ τινες τῶν Χαλδαίων οἱ ληζόμενοι ζῶσι καὶ οὐτ' ἐπίστανται ἐργάζεσθαι οὐτ' ἂν δύναιτο, εἰθισμένοι ἅπῃ πολέμου βιοτεύειν.

Hai algúns caldeos que viven saqueando e non saben traballar nin poderían, estando acostumados a vivir da guerra.

b) Uso concesivo. Equivale a unha oración concesiva. A miúdo a partícula καίπερ acompaña este participio, aínda que por si só é suficiente para expresar a concesión como se aprecia no exemplo.

Πολλοὶ γὰρ ὄντες εὐγενεῖς εἰσιν κακοί.

Moitos, aínda sendo nobres de nacemento, son malvados.

c) Uso temporal. Equivale a unha oración temporal. Pode ir acompañado dalgúns adverbios como ἅμα *ao punto que*, *ao mesmo tempo que* [+ verbo en forma persoal]; αὐτίκα *dende o momento en que* [+ verbo en forma persoal]; εὐθύς *xa*, *ao punto*, *seguidamente* [+ verbo en xerundio], *tan pronto como* [+ verbo en forma persoal]; μεταξύ *mentres* [+ verbo en forma persoal].

Φεύγοντες ἅμα ἐτίρωσκον τοὺς πολεμίους.

Ao mesmo tempo que fuxían ferían aos inimigos.

d) Uso final. O participio de futuro acompañando verbos de movemento equivale a unha oración final.

Εἰς Δελφοὺς χρῆσόμενος τῷ χρηστηρίῳ πορεύεται.

Marcha a Delfos para consultar o oráculo.

O participio empregado con sentido final a miúdo vai acompañado da partícula ὥς *para*, *con intención de*, *coa idea de* [+ infinitivo].

Ἡμεῖς πάντες ἐβλέπομεν πρὸς αὐτὸν ὥς αὐτίκα μάλα ἀκουσόμενοι θαυμασίους τινὰς λόγους.

Todos nós o mirabamos para (coa intención de / coa idea de) oír no mesmo momento as súas admirables palabras.

e) Uso causal. Equivale a unha oración causal, é dicir, expresa a razón ou explicación do verbo principal e pódese traducir por *posto que*, *polo que*, *por*.

Παρύσατις μὲν δὴ ἡ μήτηρ ὑπῆρχε τῷ Κύρῳ, φιλοῦσα αὐτὸν μάλλον ἢ τὸν βασιλεύοντα Ἀρταξέρξη.

Parisatis, a súa nai, estaba con Ciro, porque o quería máis que a Artaxerxes, o que reinaba.

Neste uso o participio pode ir reforzado con algunha partícula, frecuentemente ἅτε *porque* ou ὥς *coma se*.

Τὸν θάνατον δείδουσιν ὥς εὖ εἰδότες, ὅτι τι μέγιστον κακῶν ἐστὶ.

Temen a morte coma se soubesen ben que é o maior dos males.

Ás veces tamén o verbo principal vai introducido por ἔνεκα *porque*, διὰ τὰδε *por isto*, διὰ τοῦτο *por iso*, οὗτο *por ese motivo*:

Βουλόμενοι αὐτὸν ἐς κρίσιν ἀγαγόντες ἀποκτεῖναι πέμπουσιν οὕτω τὴν Σαλαμινίαν ναῦν.

Porque o querían matar levándoo a xuízo, por ese motivo envían a nave Salaminia.

f) Uso condicional. Equivale á prótase (é dicir, á frase con 'se') do período hipotético. A negación é sempre μή.

Σὺ δὲ κλύων εἴσει (fut. de οἶδα) τάχα.

Ti se oes (pos atención), rapidamente o saberás.

- **Participio predicativo**

Neste caso o participio, que se caracteriza por non ir inmediatamente precedido do artigo, forma parte integrante da acción principal da oración, completando ao predicado verbal ou servíndolle de complemento directo. Este participio pode atoparse en todos os casos: en nominativo concordando co suxeito; en acusativo, xenitivo e dativo, concordando co complemento.

a) **Participio predicativo referido ao suxeito.** Adoita traducirse, cando se refire ao suxeito, por un infinitivo, un adverbio ou unha oración circunstancial. Levan participio referido ao suxeito:

- Os verbos que expresan un modo de ser de este, como τυγχάνω, λανθάνω, φαίνομαι:

τυγχάνω tradúcese por *precisamente, casualmente, por ventura* e o participio no tempo, modo, número e persoa no que está τυγχάνω.

Γύλιππος ὁ Κλεανδρίδου ἔτυχε δὲ κατὰ τοῦτο τοῦ καιροῦ ἐλθὼν ἐν ᾧ ἑπτὰ μὲν ἢ ὀκτὼ σταδίων ἤδη ἀπετετέλεστο τοῖς Ἀθηναίοις ἐς τὸν μέγαν λιμένα διπλῶν τεῖχος.

Xilipo, o fillo de Cleándridas, chegou casualmente nese momento no que o dobre muro de sete ou oito estadios ata o Gran Porto fora rematado xa polos atenienses.

λανθάνω tradúcese por *pasar inadvertido, pasar por alto, ocultarse, non saber* e o participio por unha oración substantiva, ou *ocultamente, ás agachadas, inadvertidamente* e o participio no tempo en que está λανθάνω.

Ἀναβαίνοντες γὰρ ἐλάνθανον οἱ Πέρσαι τὸ ὄρος πᾶν ὃν δρυῶν ἐπίπλεον.

Os persas pasaron inadvertidos ao ascender o monte porque estaba cheo de aciñeiras (os persas ascenderon o monte ás agachadas).

φαίνομαι tradúcese por *ser claro, manifesto, evidente* e o participio co suxeito de φαίνομαι forma unha oración substantiva, ou *evidentemente* e o participio no tempo no que está φαίνομαι.

Φαίνεται γὰρ ἡ νῦν Ἑλλάς καλοῦμενη οὐ πάλαι βεβαίως οἰκουμένην, ἀλλὰ μεταναστάσεις τε οὔσαι τὰ πρότερα καὶ ῥαδίως ἕκαστοι τὴν ἑαυτῶν ἀπολείποντες βιαζόμενοι ὑπὸ τινων αἰεὶ πλειόνων.

Porque é evidente que a actualmente chamada Grecia non foi habitada de xeito estable dende hai moito tempo, senón que antes houbo migracións e cada un abandonaba doadamente a súa terra forzado por outros cada vez máis numerosos.

- Os verbos que expresan un momento ou a calidade da acción: ἄρχομαι εμpezar, τελέω, τελευτάω *rematar*, παύομαι *cesar*, φθάνω *anticiparse, avanzar*, etc.

Φθάνω τοὺς φίλους εὐεργετῶν.

Apresúrome a favorecer aos amigos.



- Os que expresan sentimento ou afecto: χαίρω *alegrarse (de)*, ἡδομαι *compracerse (de, en)*, ἄχθομαι *desgustarse (por)*, αἰσχύνομαι *avergonzarse (de)*, ἀγανακτέω *anoxarse*, μεταμέλομαι *arrepentirse (de, por)*.

Χαίρω δὲ σ' εὐτυχοῦντα.

Alégrome de que sexas feliz.

- b) **Participio predicativo referido ao complemento.** Poden levar participio predicativo referido ao complemento os verbos de percepción sensible, como ὁράω *ver*, ἀκούω *oír*, φιγνώσκω, οἶδα, μανθάνω, πυνθάνομαι *saber*, μέμνημαι *acordarse*, ἀγνοέω, οὐκ οἶδα, ἄπειρος / ἀμαθής εἰμί *ignorar*, αἰσθάνομαι *percibir*, καταλαμβάνω *comprender*, δείκνυμι *mostrar*, παύω *facer cesar*, esta construción do participio equivale a unha oración substantiva.

Ὅρωμεν πάντα ἀληθῆ ὄντα ἃ λέγετε.

Vemos que todas as cousas que dicides son verdadeiras.

• Participio absoluto

En grego existe un uso do participio desligado da oración, ao que chamamos participio absoluto. O máis frecuente é que apareza en caso xenitivo, aínda que non é raro o uso do acusativo absoluto. En cambio, son pouco frecuentes os usos de nominativo e de dativo absolutos.

- a) **Xenitivo absoluto.** Se o participio ten un suxeito propio, a expresión enteira ponse en xenitivo. Equivale a oracións circunstanciais temporais, causais, concesivas ou condicionais.

- Temporais.

Ταῦτ' ἐπράχθη Κονωνος στρατηγοῦντος.

Iso fíxose cando era estratega Conón.

- Causais.

Τῶν δὲ σωμάτων θηλυνομένων καὶ αἱ ψυχαὶ πολὺ ἀρρωστώτεραι.

E como se abranda os corpos tamén as almas se fan moito máis débiles.

- Concesivas. Nelas o participio adoita ir acompañado por καί, καίπερ.

Ἀγησίλαος χρήματα πολλὰ προσλαβὼν οὕτως ἀποπλεῖ οἴκαδε καίπερ μέσου χειμῶνος ὄντος.

Axesilao, despois de conseguir moito diñeiro, zarpou para a súa patria, a pesar de que era a metade do inverno.

- Condicionais. Nelas o participio equivale á prótase do período hipotético.

Οἶομαι καὶ νῦν ἔτι ἐπανορθωθῆναι ἂν τὰ πράγματα τούτων γιγνομένων.

Creo que aínda agora a nosa situación podería ser rectificadase se tomasen estas medidas.

- b) **Acusativo absoluto.** En grego emprégase o participio en acusativo neutro dun xeito absoluto en verbos que indican conveniencia, necesidade ou posibilidade, é dicir, en expresións impersoais: ἐνόν, ἐξόν, παρόν, ὑπάρχον *sendo posible*, *sendo lícito*; προσήκον, πρέπον *sendo conveniente*; δεόν, χρεών *sendo necesario*; δεδογμένον *estando decidido*.

Οὐδεὶς τὸ μείζον κακὸν αἰρήσεται ἐξὸν τὸ ἔλαττον αἰρεῖσθαι.

Ninguén vai elixir o dano maior séndolle posible elixir o menor.

Tamén atopamos neste uso o participio do verbo εἶμι ou doutro verbo copulativo cun adxectivo neutro: ἀδύνατον ὃν *sendo imposible*, αἰσchrὸν ὃν *sendo vergonzoso*, ἄδελον ὃν *sendo incerto*.

2. Literatura. A historiografía

2.1. Definición e orixes

A palabra *historia* procede da grega ἱστορία, procedente á súa vez da raíz de εἶδον (Fið-, latín *uideo*) *eu vin*; vén a significar, xa que logo, coñecemento adquirido mediante a observación. Recibirían este nome en principio as anotacións dos viaxeiros, logo ampliadas con outras descrições locais.

O xénero da historiografía -chamámola así porque durante moito tempo no relato histórico preocupaba máis a súa forma literaria, que o rigor dos datos-, nace, como a poesía e a filosofía, en Xonia. O racionalismo que deu lugar á filosofía e á ciencia substituindo ao mito, buscou tamén a partir do século VI a.C. a verdade "científica" dos feitos do pasado: a visión mítica era abandonada por unha visión racional.

A difusión da escritura permitiu deixar constancia dunha serie de datos, como listas de maxistrados ou de vencedores dos certames atléticos, rexistros de contas, ou epitafios (literalmente significa "inscrición sobre unha tumba"), útiles para a comunidade, pero moi difíciles de reter na memoria.

Por outra banda, durante este tempo tivo lugar o fenómeno das colonizacións, que, xunto co desenvolvemento do comercio, incrementou notablemente as viaxes por mar, o que obrigou a crear "periplos" (descripción de viaxes mariñas) para facilitar as rutas dos navegantes e informar dos recursos e dos habitantes das novas terras. A estas descrições do que se vía nas viaxes en barco, sumáronse despois os "períodos" ou descrições de viaxes terrestres.

Estes tres elementos: racionalización da épica, colonización e administración de cidades, son as bases do novo xénero historiográfico.

O carácter universal, cosmopolita, da historiografía grega procede destas orixes. En efecto, sobre todo nos primeiros tempos, os gregos interesáronse non só polos seus propios feitos, senón tamén polos dos pobos que conviviron con eles -babilonios, persas, exipcios- e cos que eran conscientes de contraer máis dunha débeda cultural.

2.2. Os logógrafos

Os primeiros representantes deste xénero chamáronse logógrafos, unha especie de historiadores locais, case todos da Xonia do século VI e primeiros do V a.C. Un dos logógrafos máis importantes foi Hecateo de Mileto, que deseñou unha especie de mapamundi (γῆς περίοδος) no que se concibía a terra como un disco rodeado polo océano. Realizou tamén Hecateo un comentario do reflectido no mapa que recibía o nome de descripción da terra (περιήγησις τῆς γῆς). Houbo outros moitos logógrafos, como Acusilao de Argos, que prosificou poemas épicos; Ferecides de Atenas, que escribiu unha Historia de tema mítico en dez libros; ou Caronte de Lámpsaco, que compuxo unha Historia dos persas (Περσικά).

2.3. Os historiadores Heródoto, Tucídides e Xenofonte

Pero o que podemos considerar coma o primeiro historiador é Heródoto de Halicarnaso, ao que Cicerón chamou pai da historia. Na súa *Historia* preséntanos unha magnífica narración en nove libros dos enfrontamentos entre gregos e bárbaros, dende os tempos míticos ata as Guerras Médicas. Ao fío da intervención nos conflitos dun país, o historiador vains contando os seus costumes, algúns acontecementos fundamentais da súa historia e toda clase de anécdotas, maioritariamente coñecidas de primeira man nas súas viaxes, ou lidas noutros historiadores. Sentiu unha grande admiración por Exipto ao que dedica todo o segundo libro da súa obra.

Convén ter presente que Heródoto é a principal fonte de coñecemento do Oriente Próximo e Grecia hasta o século XIX en que a arqueoloxía descubriu os restos e documentos escritos das grandes civilizacións de Mesopotamia, Exipto e da Grecia primitiva.

O segundo historiador cronoloxicamente é Tucídides (c. 465-c. 395 a.C.), que escribiu unha minuciosa *Historia da Guerra do Peloponeso*. Tucídides é máis científico que Heródoto. Busca con rigor as causas dos feitos e da un relato obxectivo deles, o que é natural dado que escribe de feitos contemporáneos, sen anécdotas nin regresións que distraian do feito estudado. Un exemplo poden ser os discursos que pon en boca dos protagonistas dos acontecementos, que son excelentes construcións retóricas. É, pois, o primeiro especialista dunha historia positiva e contemporánea.

Pola súa parte, Xenofonte (c. 430- c. 355 a.C.), discípulo de Sócrates, dirixiu a retirada dos mercenarios gregos que combateron en Cunaxa ao lado de Ciro o Novo contra o seu irmán. Deste feito ocúpase na súa *Anábase*. Escribiu tamén as *Helénicas*, continuación cronolóxica da *Historia da Guerra do Peloponeso* de Tucídides, ademais doutras obras sobre temas diversos. Xenofonte busca máis a reflexión político-moral que a obxectividade histórica.

✓ Realiza a πράξις 3

3. Textos

TEXTO 1

A GUERRA

Ao principio da guerra e ante as continuas invasións dos espartanos, Pericles ordenalles aos cidadáns da Ática que abandonen as súas casas e se refuxien en Atenas.

Οἱ δὲ Ἀθηναῖοι ἀκούσαντες ἀνεπείθοντό τε καὶ ἐσεκομίζοντο¹ ἐκ τῶν ἀργῶν παι-
δας καὶ γυναικας καὶ τὴν ἄλλην κατασκευὴν ἧ² κατ' οἶκον ἐχρῶντο, καὶ αὐτῶν τῶν
οἰκῶν καθαιροῦντες τὴν ξύλῳσιν· πρόβατα δὲ καὶ ὑποζύγια ἐς τὴν Εὐβοίαν διεπέμψατο
καὶ ἐς τὰς νήσους τὰς ἐπικειμένας.

TUCÍDIDES 2.14.1.5

¹ de εἰσκομίζω. ² Complemento de ἐχρῶντο e o seu antecedente é κατασκευὴν.

Actividades:

1. Análise morfolóxica e sintáctica dos participios do texto.
2. Analiza as oracións de πρόβατα ... ἐπικειμένας.
3. Traduce o texto.

TEXTO 2

DEBEN TRABALLAR OS HOMES LIBRES?

Ἀπὸ δὲ ἀλφιτοποιίας Ναυσικύδης¹ οὐ μόνον ἑαυτὸν καὶ τοὺς οἰκέτας τρέφει, ἀλλὰ
πρὸς τούτοις καὶ ὕς πολλὰς καὶ βοῦς, καὶ περιποιεῖται τοσαῦτα χρήματα ὥστε καὶ² τῇ
πόλει πολλάκις λειτουργεῖν· ἀπὸ δὲ ἀρτοποιίας Κύρηβος³ τὴν τε οἰκίαν πᾶσαν διατρεφεί.

XENOFONTE, *Memorables* 2.7.6

¹Nausicides, un cidadán ateniense (masc. 1ª decl.). | ²ὥστε καὶ *ata ao punto de*. | ³Cirebo, outro cidadán.

Actividades:

1. Análise morfolóxica dos substantivos da 3ª declinación.
2. Analiza a oración ὥστε λειτουργεῖν.
3. Traduce o texto.